



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso sobre expropiación forzosa e valoración: procedemento expropiatorio, métodos de valoración e a súa aplicación polo Xurado de Exprop. de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Consellería de Facenda e Administración Pública

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	64
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2016
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 11/02/2016 - 00:00h ao 18/02/2016 - 15:00h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Adquisición dun coñecemento especializado, eminentemente práctico, no ámbito da determinación e valoración do xustiprezo expropiatorio, fundamentalmente nos métodos de valoración do solo, e na valoración de bens e dereitos expropiados, dende a experiencia e conforme aos criterios seguidos polo Xurado de Expropiación de Galicia.

Trátase de proporcionar aos destinatarios do curso unha visión práctica e realista da complexa materia das actuacións en materia de expropiación da Xunta de Galicia e dos municipios da Comunidade Autónoma, analizando cuestións de actualidade neste campo, tanto de forma individual como en grupo.

En definitiva, quérese dar a cada alumno o perfil idóneo que as administracións, as empresas e os particulares requiren dun funcionario ou profesional especializado en materia de expropiación forzosa.

DESTINATARIOS

De acordo co disposto na base 4 da convocatoria:

4.1. 16 prazas (16) teñen como como destinatarios aos empregados públicos das Administracións públicas de Galicia, tanto da autonómica como da local, e das Universidades do Sistema Universitario de Galicia, que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

4.1.1. Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.

4.1.2. Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.

4.2. Ás 11 prazas restantes (11) poderán optar os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

As prazas de calquera dos grupos que non se cubran na súa totalidade acumularanse ás do outro.

PROGRAMA

O curso, de 64 horas de duración, estrutúrase nos seguintes módulos:

1. O procedemento expropiatorio: 12 horas.
2. O expediente de determinación do xustiprezo: 4 horas.
3. Réxime xurídico dos xurados de expropiación: 4 horas.
4. Criterios de valoración: 42 horas.
5. Tratamento fiscal do xustiprezo: 2 horas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data de presentación das solicitudes.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela **INICIO / FIN:** 23/02/2016 a 21/06/2016

NUM. PRAZAS: 27 **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

JUAN CARLOS ARGÜELLO FERNÁNDEZ

ORLANDO PEÑAS GONZALEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): O día 23 de febreiro de 16:30 a 20:45. O día 07 de xuño de 16:30 a 20:45. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 16 de febreiro de 16:30 a 21:00. Os días 01, 08, 15, 22 e 29 de marzo de 16:30 a 20:45. Os días 05, 12, 19 e 26 de abril de 16:30 a 20:45. Os días 03, 10, 24 e 31 de maio de 16:30 a 20:45. Os días 14 e 21 de xuño de 16:30 a 20:45. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 10: O día 21 de xuño de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA